



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Ana María Cacharrón Castelos, secretaria do Concello de Bergondo (A Coruña)

CERTIFICO: Que, pola alcaldía presidencia, por Resolución nº 1294/2018, do 14-12-2018, adoptouse o acordo que a continuación se transcribe literalmente:

Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

ASUNTO: INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACION DA OBRA: REPARACIÓN DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE LUBRE E BERGONDO

EXPEDIENTE: 2018/C003/000006

Vista proxecto da obra de *Reparación dos cemiterios municipais de Lubre e Bergondo* que asina o enxeñeiro de camiños, canles e portos, Ángel Delgado Cid, colexiado 4.657, en agosto de 2018, cun orzamento de execución por contrata de 107.174,46 euros, IVE incluído.

Vista a necesidade de acometer a citada obra, segundo o disposto no artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola *Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local*, que establece que “O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) j) cemiterios e servizos funerarios, o que xustifica a necesidade deste contrato, consonte co establecido nos artigo 116.4.e) da LCSP e segundo se indica no informe ao proxecto, apartado 11, sobre a xustificación da necesidade e idoneidade, asinado polo arquitecto técnico municipal en setembro de 2018.

Visto que o contrato deste investimento non se dividirá en lotes e adjudicarase como unha unidade contractual, o que se xustifica, consonte co esixido no artigo 99.3 da LCSP, en base aos motivos que deseguido se detallan:

- A división en lotes tería un importante custo económico para este concello pola necesidade de contratar os servizos de redacción dos documentos técnicos independentes para cada lote que servisen de base á licitación.
- Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais.
- A división en lotes suporía un retraso na adjudicación dos investimentos, e polo tanto na súa execución, pola necesidade de realizar, con carácter previo á licitación, tarefas técnicas e administrativas de división en lotes do proxecto e, como consecuencia, polo incremento do número de expedientes de contratación.
- A dirección técnica das obras complicaríase debido ao incremento do número de contratistas adjudicatarios como consecuencia da división en lotes, o que ademais dificultaría a necesaria coordinación da execución do investimento.

Visto que, de conformidade co disposto polo arquitecto técnico municipal no informe do proxecto, emitido en setembro de 2018, e con base na documentación que obra no arquivo municipal do Concello, debe considerarse que



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

se conta coa total dispoñibilidade dos terreos para a normal execución das obras proxectadas, consonte co disposto na Resolución desta alcaldía núm.1293/2018, do 14 de decembro.

Considerando que a competencia para contratar corresponde a esta alcaldía, conforme ao preceptuado na Disposición adicional segunda da Ley 9/2017, de 8 de novembro de contratos del sector público (en adiante LCSP), se ben a teño delegada na xunta de goberno local, mediante resolución desta alcaldía núm. 693/2015, do 02.07.2015, (BOP núm. 132 do 15.07.2015), pero non a incoación do expediente de contratación; unha vez examinado o expediente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de *Reparación dos cemiterios municipais de Lubre e Bergondo* que asina o enxeñeiro de camiños, canles e portos, Ángel Delgado Cid, colexiado 4.657, en agosto de 2018, cun orzamento de execución por contrata de 107.174,46 euros, IVE incluído.

SEGUNDO. Incoar o expediente ordinario de contratación da citada obra, Exp. 2018/C003/000006, proponendo o procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas, segundo o artigo 159.1 da LCSP.

TERCEIRO.- Redáctense os Pregos de cláusulas administrativas parciais; incorpórese ao expediente acta de replanteo previo da obra de referencia; informe de intervención de existencia de crédito e fiscalización previa; informe da secretaría do concello. Evacuados que sexan estes trámites, déase conta á Xunta de Goberno local, para a súa aprobación se procede.

A presente resolución publicarase no perfil do contratante do Concello de Bergondo, consonte co esixido no artigo 63.3 da LCSP.

En Bergondo, venres 14 de decembro de 2018

A alcaldesa

Dou fe; a secretaria

Alejandra Pérez Máquez

Ana María Cacharrón Castelos

E para que conste, para os efectos que corresponden, asino a presente certificación, por orde e co visto e prace da alcaldesa, en Bergondo, o martes 18 de decembro de 2018

Vº.º Pr.

A alcaldesa

A secretaria xeral

Alejandra Pérez Máquez

Ana María Cacharrón Castelos